

¡ÚLTIMAS REBAJAS! 🔔 Suscríbete por 1€/mes durante 3 meses

Me interesa

CAMBADOS

O traballo de recuperación da gamela de Cambados, agora na gran pantalla

LA VOZ

CAMBADOS



Imaxe histórica dos mariñeiros nunha gamela en San Tomé Arquivo: CMS

O Clube Mariño Salnés estrea a curtametraxe «As voces do mar» o día 25 no auditorio municipal

17 ene 2025 . Actualizado a las 14:47 h.



Comentar · 0

No Clube Mariño Salnés (Cambados) estrea o **25 de xaneiro, ás 19 horas no auditorio da Xuventude**, a curtametraxe *As voces do mar: recuperando a tipoloxía Gamela de Cambados*. A peza amosa o traballo feito nos **últimos 25 anos a prol da preservación deste patrimonio marítimo**, e, en concreto,

dunha embarcación que xa desapareceu dos portos e o club trata de recuperar partindo duns planos e un medio casco.

«Co noso afán pola preservación do patrimonio marítimo galego, levamos a cabo a produción desta curtametraxe ca finalidade de **intentar compartir a labor de recuperación da tipoloxía da gamela de Cambados** nestes últimos 25 anos do CMS. Un dos obxectivos fundacionais do clube que hoxe está máis preto que nunca de se cumprir».



Un momento da rodaxe da curtametraxe CMS

A produción da curtametraxe corre por conta de Piruleta Vermella e Diego Aveláña e o financiamento, **da Deputación de Pontevedra**, «que unha vez máis aporta un gran apoio ó ámbito da recuperación e conservación do noso patrimonio cultural», sinalan desde o o Clube Mariño Salnés. Nel inclúense testemuñas de veciños que fixeron posible que o CMS puidera recrear como era unha embarcación que marcou unha época na vila.

Archivado en: Cambados



Comentar · 0